

## “O AVE DEIXARÁ A GALICIA SEN TREN”

**Por Fernando Gómez Camarero. Enxeñeiro Técnico e Coordinador Xeral de “Salva o tren”**

Desgraciadamente e despois do inicio da nosa andaina, puidemos ir constatando todos os malos agoiros que a finais de 2007 SALVA O TREN comezou a sospeitar respecto ao futuro de morte que lle esperaba ao Rexional, a ausencia dun proxecto de “*Cercanías*” para Galicia e **a aposta única e exclusiva do Ministerio polo AVE, un tren que conta coas seguintes características fundamentais que acaban co carácter público e social do transporte público de viaxeiros:**

- **O AVE é un Tren para un exclusivo público, pero non é un transporte público.** Os seus prezos do billete fan inaccesible o seu uso para a poboación que máis o necesita (triplican en prezo aos dos “*Cercanías*”).
- Directamente pódese dicir que **supón o transvasamento de ao redor do 50 % dos usuarios do avión.** Cal será o primeiro aeroporto en Galicia en caer?
- Como **exemplo de ineficiencia social** está a ocupación media dun 20 % nos AVE Ourense - Santiago e un 10 % nos Santiago - A Coruña.
- **As súas estacións limítanse ás grandes cidades** abandonando á súa sorte ás localidades intermedias.
- **É un dos símbolos do malgasto.** Infraestruturas faraónicas que supuxeron para Galicia un gasto total de máis de 15.000 millóns de € e trens AVE que custan 30 millóns de €, fronte aos “*Cercanías*” que unicamente supón 5 millóns de €.

Nesta exposición poremos de manifesto os beneficios do “Tren do Pobo”, como o Ministerio foi destruindo as súas estacións, co obxectivo de acabar con el no momento da implantación do AVE.

Tamén queda patente a inxustiza que se estea cometendo con Galicia respecto ao resto de España, onde non existe ningunha Comunidade Autónoma do litoral peninsular que non posúa “*Cercanías*”, excepto Galicia.

Os trens de “*Cercanías*” son posíbeis e demostráremolo coa nosa proposta.

E para rematar faremos unha reflexión do que lle suporía en aforro a unha persoa se tivese a posibilidade de utilizar o “*Cercanías*” entre Vigo e Pontevedra durante a súa vida laboral (136.000 € = 23 millóns de pesetas).